



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



***PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A
FUNDACIÓN DO FÚTBOL GALEGO PARA A PROMOCIÓN DOS VALORES DA
EDUCACIÓN INCLUSIVA, A CONVIVENCIA E A IGUALDADE A TRAVÉS
DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS.***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa formalizou coa Fundación do Fútbol Galego o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 18 de abril de 2018 ata o 31 de agosto de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación do Fútbol Galego en base a accións e actividades dirixidas a promover a inclusión, a convivencia e a igualdade no marco da práctica das actividades deportivas, así como os valores de solidariedade, tolerancia, respecto e amizade entre o alumnado dos centros docentes galegos.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que asinou se fundamenta no seguinte:

Que a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, na redacción dada ao seu título II pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, reconece “que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional”, e, para iso, deberán asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

Que o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñen que os centros docentes deben promover estilos de vida saudables, “... con medidas específicas dentro do seu proxecto educativo, de xeito que se promova a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma” (artigo 20 do Decreto 105/2014), e “... medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil, ... de xeito que se promova a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma” (artigo 40 do Decreto 86/2015).



Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que “a Consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

Que a Fundación do Fútbol Galego, é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxecto e finalidade permanente:

- O achegamento e promoción do deporte, en especial do fútbol nas súas diferentes especialidades e modalidades, á sociedade galega en xeral.*
- Difundir e expandir na Comunidade Autónoma de Galicia os valores inherentes á práctica deportiva e facilitar o acceso de nenos e nenas ao mesmo, procurando que a práctica do deporte vaia unida á formación integral da persoa.*
- Potenciar a incorporación de persoas con diversidade funcional ao mundo do fútbol.*
- Potenciar a formación dos profesionais do fútbol galego.*
- A axuda a xogadores, adestradores e árbitros de fútbol en risco de exclusión social.*

Neste campo as achegas dos clubs deportivos pode resultar moi relevante. Tradicionalmente o deporte está asociado como un medio axeitado para a construción e transmisión de competencias e de valores que son fundamentais para o crecemento individual e colectivo: afán de superación, inclusión, respecto polas persoas, tolerancia, cumprimento das normas, perseveranza, traballo en equipo, colaboración, superación, auto-disciplina, responsabilidade, cooperación, solidariedade, empatía, honestidade, lealdade, compañeirismo, compromiso...



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 27 de abril de 2018.

